RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR E ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE SEIS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2018 E 2019

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de seis prazas de policía local (quenda libre), incluídas na oferta de emprego público dos anos 2018 e 2019, publicadas no BOP núm. 110 do 11 de xuño de 2019, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Dado o grande número de admitidos no proceso selectivo e para un mellor desenvolvemento na realización do primeiro exercicio, tipo test, o tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración no desenvolvemento deste exercicio.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro persoal auxiliar para o primeiro exercicio, tipo test, ao persoal seguinte:

- Don José Antonio Alvarez Vilariño , subalterno do Concello de Pontevedra

- Dona Mª Elvira Castellano Soto, subalterna do Concello de Pontevedra

- Dona Mª Dolores Pérez Portela, subalterna do Concello de Pontevedra

- Dona Soledad Outeda Eirín, subalterna do Concello de Pontevedra

Segundo.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o segundo exercicio, sobre coñecemento de idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística do Servicio de Normalización do Concello de Pontevedra.

Terceiro.-- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón a concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

Asinado por: MARIA DEL MAR LAMOSO VARELA
Servizo: SERVIZO DE SECRETARIA E ASUNTOS XERAIS
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Por ausencia ou abstención do titular, a secretaria accidental
Data: 24/10/2019

Asinado por: MARÍA DO CARME FOUCES DIAZ
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 24/10/2019
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:JFAZ9JNFYDEQT4CT